**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA TRES DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (32/2026)**

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e dezaseis minutos do día tres de novembro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria urxente convocada para ese día ás doce horas. Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1.- Pronunciamento preceptivo sobre a urxencia da sesión

2.- Aprobación da acta da sesión do día 28 de outubro de 2026

3.- Aprobación de certificación de obras corrixida

4.- Xustificación axuda de emerxencia social

5.- Recoñecemento de trienios

6.- Expediente de contratación da obra contida no proxecto nomeado Modificado Proxecto Mellora Pavimentación nas parroquias de San Fiz, Val Xestoso e Alto Xestoso, incluída no POS+ Adicional 2/2026 (1ª fase) (Expdte. TeDEC: 2026/C003/000008). Adxudicación

7.- Xustificación de subvención nominativa

O Sr. Alcalde en funcións declara iniciado o acto e procédese a continuación a tratar os asuntos integrantes da **orde do día**, de acordo co seguinte:

**1.- PRONUNCIAMENTO PRECEPTIVO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN**

O Sr. Alcalde en funcións expón que a urxencia se debe á necesidade de axilizar todos os tramites para aprobar coa maior brevidade temas de persoal, a xustificación dunha subvención, dunha axuda de emerxencia social, unha certificación de obras corrixida e a adxudicación dun procedemento de contratación, por tratarse de temas urxentes en todos os casos que requiren unha rápida tramitación e resolución e que a carga de traballo no Concello neses momentos non permitiu efectuar a convocatoria da sesión extraordinaria coa antelación preceptiva. A Xunta de Goberno local, toma razón, entende xustificada a urxencia e acorda, por unanimidade, continuar coa sesión.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: fEH9uVxyoILzNHBkgeZR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

## 2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2026

O Sr. Alcalde en funcións informa de que se detectou un erro na devandita acta, que explica, e pregúntalles aos asistentes se teñen que facerlle algunha outra alegación ao borrador da dita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión. Non formulan ningunha outra alegación. A Xunta de Goberno Local toma razón e, unanimemente, acorda aprobar a acta da sesión do 28 de outubro de 2026 coa única modificación seguinte: na súa páxina doce, no oitavo punto, **onde di**: "*A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.*", **debe dicir**: "*A Xunta de Goberno local, por delegación do Pleno da Corporación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.*". O Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

## 3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS CORRIXIDA

O Sr. Secretario-Interventor dá conta do requirimento realizado pola Deputación Provincial pola existencia dun erro na certificación de obras orixinal á que refire este acordo, da certificación de obras corrixida que emenda o dito erro, sen repercusión económica, e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

OBRA: I**nstalación de parque infantil no lugar de Rebordelo**
Código de obra: 2024.2102.0555.0
Plan: POS+AD2b/2024

Logo de ver o requirimento formulado pola Deputación no que solicitan informe aclaratorio ou, no seu defecto, a modificación da certificación e relación valorada de obra, e a documentación elaborada para a emenda dos erros, que non varía o seu importe, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación primeira (emendada) da obra, MODIFICADO PROXECTO INSTALACIÓN PARQUE INFANTIL REBORDELO, expedida por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto, Director das Obras, de data 26/10/2026, executada polo contratista, ***Instalaciones Bahía Park, S.L*****,** por importe total de 55.359,98€, e a súa documentación anexa (relación valorada)
2. Remitila á Deputación, a través da plataforma electrónica SUBTEL, para o trámite correspondente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: fEH9uVxyoILzNHBkgeZR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

**4.- XUSTIFICACIÓN DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL**

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada e a súa documentación anexa, do informe – proposta favorable da Traballadora Social, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico do aplicativo Tedec que se indica máis adiante e que se transcribe textualmente a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Nº EXPEDIENTE TEDEC: 2026/S009/000004

OBXECTO: Xustificación axuda emerxencia social B.O., A

Logo de ver o expediente tramitado a solicitude da persoa coas iniciais que se indican, o xustificante do gasto achegado pola empresa, o informe favorable emitido polo/a Traballador/a Social do Concello de Monfero, D.ª Patricia Martínez Lago, o emitido polo Arquitecto contratado para o efecto e o informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que se dan as circunstancias sinaladas na Ordenanza municipal reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Monfero (OAESM), que a persoa solicitante achega os documentos necesarios e reúne os requisitos esixidos nela e que o gasto está debidamente xustificado, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar a xustificación da axuda de emerxencia social concedida por acordo desta Xunta de Goberno Local do 17 de setembro de 2026, á persoa que responde ás iniciais B.O., A., que se identifica no expediente electrónico do programa TEDEC indicado anteriormente, por importe de **3.600,97€**, para a creación dun cuarto de baño coa instalación de fosa séptica (art. 3.2.d.) da OAESM), e que se proceda ao seu pagamento mediante transferencia bancaria á empresa que realizou a instalación, á conta indicada na documentación que achegou ao expediente mediante a súa presentación no Rexistro de Entrada do Concello o 08 de outubro de 2026, conforme dispón, con carácter xeral, o artigo 7 da OAESM e propón a instrutora do procedemento.

2.- Imputar o pagamento correspondente á aplicación do orzamento en vigor 231.48100

3.- Notificar este acordo á persoa interesada.

4.- Trasladar este acordo á Traballadora Social do Concello e ao Servizo Municipal de Contabilidade, Tesourería e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas del.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: fEH9uVxyoILzNHBkgeZR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

**5.- RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS**

O Sr. Secretario-Interventor da conta da solicitude da persoa interesada, do informe do Negociado de Emprego da AEDL do Concello, do informe de fiscalización limitada previa de requisitos básicos da Intervención de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec que se indica máis adiante neste acordo:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude que consta no expediente do/a funcionario/a que responde as iniciais M.V.P.C, rexistrada de entrada neste Concello o día 2 de novembro de 2026, co número 202699900000675, e os informes, antecedentes e o resto da documentación complementaria que consta no expediente 2026/E005/000019.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecerlle á/ao dita/o funcionario/a o seu dereito ao décimo trienio como funcionario/a deste Concello, grupo E, con efectos dende o día 22 de setembro de 2026.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

**6.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA CONTIDA NO PROXECTO NOMEADO MODIFICADO PROXECTO MELLORA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE SAN FIZ, VAL XESTOSO E ALTO XESTOSO, INCLUÍDA NO POS+ ADICIONAL 2/2026 (1ª FASE) (EXPDTE. TEDEC: 2026/C003/000008). ADXUDICACIÓN**

O Sr. Alcalde en funcións informa sobre a única empresa presentada á licitación, con indicación de que non incorreu en baixa desproporcionada ou anormal e que se propón para a adxudicación do contrato de conformidade co acordado pola mesa de contratación.

A proposta de acordo do Sr. Alcalde en funcións con respecto a este punto da orde do día, da que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: fEH9uVxyoILzNHBkgeZR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

dá conta á Xunta de Goberno Local o Sr. Secretario-Interventor, que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico do aplicativo Tedec, transcríbese literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

**Expediente de contratación 2026/C003/000008, Modificado Proxecto Mellora Pavimentación nas parroquias de San Fiz, Val Xestoso e Alto Xestoso - POS+ Adicional 2/2026 (1ª fase). ADXUDICACIÓN**

Logo de ver o expediente de contratación da obra contida no proxecto nomeado, MODIFICADO PROXECTO MELLORA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE SAN FIZ,VAL XESTOSO E ALTO XESTOSO, cun orzamento total de 119.011,50€, financiada pola Deputación Provincial a través da 1ª fase do Plan POS+ adicional 2/2026, que o contratista que a Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero considerou que era o que presentaba a oferta máis vantaxosa que podía ser cumprida e que foi requirido, tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4. f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector, en adiante LCSP, para que cumprira co establecido nas cláusulas 16.1.1 e 16.1.2 do Prego, xa lle deu cumprimento, constituíu a garantía e presentou as acreditacións necesarias segundo o informe do Arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, e o informe de fiscalización favorable da Secretaría-Intervención.

Propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Monfero que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión e rexeitamento das ofertas presentadas, de clasificación, por orde decrecente (Anexo), atendendo unicamente ao prezo, das que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta respecto destas.

2.- Adxudicarlle o contrato da obra descrita no proxecto técnico nomeado, Modificado Proxecto Mellora Pavimentación nas parroquias de San Fiz, Val Xestoso e Alto Xestoso, á empresa, CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL, no prezo de 117.952,30 €, e de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, pola necesidade de dotar á zona das obras que se describen no devandito proxecto e considerar, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero, coa mesma motivación, que a súa oferta é a máis vantaxosa que pode ser cumprida.

3.- Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria 453.2645.61100.

4.- Nomear Coordinador de Seguridade e Saúde e Director Técnico das Obras a D. Antonio López

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: fEH9uVxyoILzNHBkgeZR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Rodríguez, Arquitecto.

5.- Notificar este acordo a D. Antonio López Rodríguez e ao adxudicatario .

6.- Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP).

7.- Requirir á empresa adxudicataria para a formalización do contrato, dentro do prazo máximo 15 hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que se reciba a notificación da presente adxudicación.

8.- Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).

9.- Logo de asinar o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto, para a súa aprobación pola Alcaldía, tras o informe do Coordinador de Seguridade e Saúde. Con anterioridade ao comezo das obras o contratista presentará na Consellería de Traballo e Benestar, a apertura do centro de traballo e comunicarao ao Concello, e, unha vez efectuado este trámite, procederá a comprobación do reformulo e comezo das obras.

10.- As obras someteranse a un control de calidade externo, que levará a cabo unha empresa especializada neste tipo de controis, que contratará o concello, segundo o previsto na cláusula 29 do PCAP.

Anexo

| **ORDE** | **EMPRESA LICITADORA** | **OFERTA** (sen Ive) | **PUNTUACIÓN** |
|---|---|---|---|
| 1 | NIF: B15293145<br>CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. | 97481.24 | 100 |

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

**7.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: fEH9uVxyoILzNHBkgeZR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

O Sr. Secretario-Interventor da conta do expediente tramitado, da documentación xustificativa achegada pola entidade beneficiaria, das comprobacións realizadas, da dilixencia da funcionaria que actúa como instrutora do procedemento, do informe de intervención limitada previa de requisitos básicos de conformidade e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico da aplicación TeDEC:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a solicitude e documentación presentada pola persoa interesada que se indica deseguido, xustificativa da aplicación da correspondente subvención nominativa do orzamento vixente do ano 2026, que é o prorrogado 2025, para o financiamento dos gastos que tamén se indican deseguido, segundo o convenio asinado para o efecto e as bases de execución do dito orzamento, así como a dilixencia de comprobación e informe de intervención de conformidade que constan debidamente asinados dixitalmente no expediente electrónico, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a xustificación presentada e que se proceda ao pagamento da subvención nominativa seguinte:

| ENTIDADE | INICIAIS SOLICITANTE | OBXECTO | SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|---|---|---|---|
| COOPERATIVAS LÁCTEAS UNIDAS CLUN S. COOP GALEGA | JRGB | XXV FEIRA DE GRELO | 7.200,00 € |

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento polo Alcalde en funcións,

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta, quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás doce horas e corenta e tres minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións O Secretario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: fEH9uVxyoILzNHBkgeZR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

CVD: fEH9uVxyoILzNHBkgeZR Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)